

ALBERTO PENSADO SEIJAS, en calidade de Secretario Accidental do Concello de Marín,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na súa sesión celebrada o día 14 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Inicio da tramitación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, das obras contidas no proxecto denominado “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”, segundo o proxecto asinado en outubro de 2022, refundido asinado en febreiro de 2023 e correccións de data 16.01.2024, polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia Mahieu. (Expt.: 2024 CO142-003).

O Concello de Marín pretende levar a cabo as obras contempladas no proxecto de “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”, segundo o proxecto asinado en outubro de 2022, refundido asinado en febreiro de 2023 e correccións de data 16.01.2024, polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia Mahieu, cun orzamento de execución por contrata, sen IVE, de 235.332,36 €, e con IVE incluído, 284.752,16 €.

O obxecto do proxecto denominado “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”, é a definición e valoración dun modo preciso, a nivel de proxecto construtivo, das características xerais das obras e actuacións necesarias para a reurbanización da rúa de Pedreiras de Abaixo, renovando e mellorando as condicións das vías existentes, sen alterar os seus actuais límites e sen condicionar o eventual desenvolvemento do planeamento urbanístico vixente, ó tempo que se procede á renovación das redes de servizos municipais que discorren polas mencionadas vías.

Trátase dun proxecto de obras municipais ordinarias e non dun proxecto de urbanización, non sendo precisa a apertura dun trámite de información pública do proxecto aprobado.

Por acordo do 8 de marzo de 2024 da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, concédese unha subvención ao Concello de Marín no marco do Plan + Provincia 2024, Liña 1, por importe de 284.752,16 €, con destino ao financiamento do investimento “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”.

Aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), en relación co artigo 116 do citado texto legal, xustifícase a necesidade de acudir ó contrato administrativo de obras,

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012EB2600A5T2D3Q1P7N3 en https://sede.concellodemarin.es	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 15/03/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 15/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/03/2024 12:09:00</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-032 Fecha: 07/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
--	---	--



previsto no artigo 17 LCSP, en base á insuficiencia de medios persoais e materiais propios deste concello para levar a cabo dita actuación.

O artigo 25.2.c) e d) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local dispón que os Concellos teñen competencia propia en materia de “Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais” e “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”.

O artigo 80.2.d) e l) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia sinala que os municipios teñen competencia propia en materias relativas á “pavimentación de vías públicas urbanas” e ó “subministro de auga, alumado público, os servizos de limpeza viaria, recollida e tratamento de residuos, os sumidoiros e o tratamento de augas residuais”.

En vista das devanditas competencias e non contando con medios propios para o desenvolvemento das actuacións obxecto do presente contrato, cómpre recorrer a medios externos mediante os mecanismos de contratación pública.

Entre a documentación preparatoria do contrato consta incorporada a preceptiva memoria xustificativa da necesidade da contratación, confeccionada polos servizos técnicos municipais, coa cal se dá cumprimento ó disposto no artigo 116.4 da LCSP, quedando xustificadas adecuadamente todas as epígrafes do citado artigo.

Polo exposto, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 20/06/2023, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Primeiro. Iniciar a tramitación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, das obras contidas no proxecto denominado “*Humanización de vías en Pedreiras. Fase III*”, segundo o proxecto asinado en outubro de 2022, refundido asinado en febreiro de 2023 e correccións de data 16.01.2024, polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia Mahieu.

Segundo. Que se incorpore ao expediente o pertinente prego de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer na posterior licitación, así como o preceptivo informe de Secretaría, o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención municipal.

Terceiro. Publicar o presente acordo no perfil do contratante desta Administración, aos efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012EB2600A5T2D3Q1P7N3 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 15/03/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 15/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/03/2024 12:09:00</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-032 Fecha: 07/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



E para que así conste, coa salvedade a que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente certificación, por orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa-presidenta, en Marín, na data que figura ó pé deste documento, que é asinado dixitalmente.

Vº e praxe,
A ALCALDESA

María Ramallo Vázquez

CSV: 07E80012EB2600A5T2D3Q1P7N3

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012EB2600A5T2D3Q1P7N3 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 15/03/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 15/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/03/2024 12:09:00</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-032 Fecha: 07/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

